



BASES PARA O CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES - ENTROIDO 2020

1. O Concello do Carballiño establece as normas que rexerán a participación no Concurso infantil de Entroido 2020, a celebrar o sábado, 22 de febreiro ás 16:30 horas, na Praza Maior do Carballiño, e as bases reguladoras da concesión dos premios por participar no mesmo.

2. Establécense catro categorías cos requisitos mínimos de participación que a continuación se indican:

INDIVIDUAL ALEVÍN - Ata 8 anos

INDIVIDUAL INFANTIL - De 9 a 12 anos

DOUS OU MÁIS COMPOÑENTES ALEVÍN- Ata 8 anos

DOUS OU MÁIS COMPOÑENTES INFANTIL - De 9 a 12 anos

As categorías de dous ou máis estarán condicionadas á uniformidade do disfraz e á inscrición de, alomenos, cinco grupos de participantes, de xeito que, no caso de non acadarse este mínimo, ditas categorías serían eliminadas do concurso pero un deles poderase presentar na categoría individual.

3. Para participar é necesario inscribirse unha hora antes do concurso na Praza Maior. Para formalizar a inscrición indicárase nome/s completo/s, idade/s, disfraz (indicando se é individual ou grupo) e número de teléfono. A inscrición deberá facela un responsable do menor presentando o seu DNI e facendo constar na inscrición o/os nome/s de todos os que forman o grupo. Na inscrición só se permitirá un responsable por menor.

4. O departamento de cultura xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local do responsable do menor.

5. O día do concurso entregarase a cada participante un número de participación que deberá levar consigo no transcurso do mesmo. O número poderase recoller unha vez feita a inscrición na Praza Maior onde se realizará o concurso.

6. Os premios por categoría serán vales para cambiar nas seguintes librerías por libros de lectura ou material escolar: *Librería Ábaco, Librería Castro, Librería Escolma, Papelería Office Center e Carlín Carballiño*. Os premiados autorizan o endoso das facturas das librería que figurarán ao seu nome e o concello procederá a abonalos directamente a aquelas.

Individual Alevín

1º premio: vale de 60 €

2º premio: vale de 40 €

3º premio: vale de 20 €

Individual Infantil

1º premio: vale de 60 €

2º premio: vale de 40 €

3º premio: vale de 20 €

Dous ou máis compoñentes Alevín

1º premio: vale de 100 €

2º premio: vale de 50 €

Dous ou máis compoñentes Infantil

1º premio: vale de 100 €

2º premio: vale de 50 €

7. En ningún caso os premios poderanse cambiar por cartos. Poderá declararse deserto calquera destes premios.

8. Criterios de valoración

O sistema de puntuación que o xurado utilizará no concurso estará composto polos seguintes apartados e puntuacións:

- Orixinalidade: de 0 a 5 puntos

- Disfraz e maquillaxe: de 0 a 5 puntos

Máxima puntuación total: 10 puntos.

9. Para este concurso a Concellería de Cultura establece estes premios con cargo a aplicación orzamentaria 334.11.480.00 Transferencias correntes 2020.





10. O xurado estará composto polo concelleiro de Cultura como presidente ou persona na que delegue, un representante da hostalería ou do comercio, outro do movemento cultural ou da comunicación. O fallo do xurado elevarase ao órgano competente para aprovalo. O órgano competente poderá rechazar aqueles premiados que non cumpran coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

11. O participante nunha categoría non poderá facelo noutra co mesmo disfraz, co fin de que os premios sexan máis repartidos.

12. As bases do concurso están expostas no departamento de Cultura do Concello.

13. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e a libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello do Carballiño coa finalidade de estatística. O representante da agrupación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a concello@carballino.gal ou por correo ordinario ó Concello do Carballiño (Praza maior, 1 C.P. 32500 O Carballiño).

14. A organización resérvase o dereito a solucionar calquera conflito que puidera derivar da súa interpretación. En todo caso, o que non figure nestas bases será regulado polas bases do Concurso-desfile do martes de entroido 2020.

15. A participación neste concurso supón a aceptación implícita destas bases.

Documento asinado por don Francisco José Fumega Piñeiro, alcalde do Concello do Carballiño

